



CONCELLO DE TEO

**D.<sup>a</sup> VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)**

**CERTIFICA:**

Que a sra. alcaldesa, con data de 6 de maio de 2026, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN** :

---

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA**

**ASUNTO: Servicios mínimos, folga Escolas Infantís. 7 de maio de 2026.**

**EXPEDIENTE: 2026/G003/000583**

Vista a convocatoria feita polas organizacións sindicais Federación de Enseñanza de Comisiones Obreras y Confederación General del Trabajo (CGT) de folga, no ámbito estatal, nos centros de educación infantil etapa 0-3, indicando que a folga terá lugar o 7 de maio de 2026 dende as 00.00 horas ata as 24.00 horas.

Vista a Orde do 4 de maio do 2026, publicada no DOG do 6 de maio de 2026, pola que se establecen os servizos mínimos dirixidos a garantir os servizos esenciais nos centros de educación infantil 0-3, durante a folga convocada para o día 7 de maio de 2026.

Considerando que o Concello conta con tres escolas infantís, nas parroquias de Calo, Os Tilos e A Ramallosa.

En virtude do exposto, e no uso das facultades que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable,

**RESOLVO:**



CONCELLO DE TEO

**Primeiro.**- Establecer como servizos mínimos a xornada completa, os que se relacionan de seguido:

- A presenza de dúas persoas traballadoras do persoal de atención directa aos nenos e nenas que garantan a apertura e peche dos centros ao longo da xornada.
- Nas escolas de dúas ou máis unidades abertas haberá, ademais, unha persoa de atención directa por cada unha das unidades que teña a escola en funcionamento

**Segundo.**- Informar destes servizos mínimos ás representacións sindicais municipais así como aos Servizos sociais municipais, como xestores dos centros.

**Terceiro.**- Facer pública a presente resolución mediante a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello de na web municipal.

**Cuarto.**- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Teo, asinado polas persoas que se detallan a continuación, na data da sinatura dixital que figura na marxe.

---

E para que así conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da sra. alcaldesa, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

A secretaria xeral

Vº e Praxe  
A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la Uz